

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Interpretación simultánea idioma 1: Francés-Galego				
Materia	Interpretación simultánea idioma 1: Francés-Galego			
Código	V01G230V01603			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Montero Domínguez, Xoán Manuel			
Profesorado	Montero Domínguez, Xoán Manuel			
Correo-e	xoanmontero@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é que o estudante perfeccione a súa competencia interpretativa no marco da interpretación simultánea e que desenvolva as técnicas de tradución á vista como actividade profesional e como aprendizaxe da coordinación de esforzos cognitivos. O que se procurará con esta materia é que o alumno sexa quen ao final da súa carreira formativa interpretar de forma simultánea un discurso.			

Competencias	
Código	
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C6	Utlización de ferramentas informáticas e instrumentos técnicos para a interpretación
C9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
C13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
C17	Capacidade de tomar decisións
D4	Resolución de problemas
D7	Toma de decisións
D13	Traballo nun contexto internacional
D23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Proporcionar conceptos teóricos sobre os principios da interpretación simultánea.	C1 C2 C6 C9 C13 C17	D23
Adquirir os conceptos teóricos e metodolóxicos para a asimilación das técnicas de interpretación simultánea.	C1 C9 C17	D4 D7 D13 D23
Ser capaz de documentarse discriminando a información pertinente en relación coa tipoloxía textual, os destinatarios/as da tradución e o rexistro lingüístico. Desenvolver as capacidades de toma de decisións.		
Desenvolver as destrezas de lectura, comprensión, análise e produción oral nas linguas traballadas.	C1 C2 C13	D7 D23

Adquirir as técnicas da interpretación simultánea.	C1 C2 C13 C17	D4 D7 D23

Contidos

Tema	
1.- Introducción á interpretación simultánea.	1.1. Particularidades da comunicación oral con relación á escrita. Superación do estrés e nerviosismo. A voz. Os rexistros. 1.2. Elaboración de discursos nas linguas traballadas. 1.3. Modelos e fases de procesamento da información para a interpretación simultánea.
2.- Introducción á técnica de interpretación simultánea.	2.1. Introducción á comunicación oral nas linguas de traballo: comprensión, análise, memoria e expresión. 2.2. Exercicios introductorios á interpretación simultánea. 2.2.1 Análise da conversación e do discurso oral. 2.2.2 Tradución á vista. 2.2.3 División da atención. 2.2.4 Anticipación da información.
3.- Prácticas de interpretación simultánea.	3.1. Exercicios de intepretación simultánea, con discursos procedentes dos diversos países da francofonía.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	6	8
Lección maxistral	7	11	18
Prácticas de laboratorio	29	58	87
Debate	4	12	16
Estudo de casos	5	15	20
Práctica de laboratorio	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Neste apartado, o docente presentará a materia e a súa programación. Explicará os contidos, a metodoloxía, o funcionamento das cabinas e o sistema de avaliación
Lección maxistral	Neste apartado o docente repasará co alumnado os perfis profesionais da interpretación simultánea, as modalidades da actividade e as técnicas de interpretación máis estendidas nas distintas situación comunicativas. Repasaranse os esforzos implicados no proceso de interpretación. A encomenda de interpretación. Tamén neste apartado trataremos as diferentes técnicas de interpretación simultánea para que os alumnos as poñan en práctica. Explicaranse en xeral os contenidos teóricos de forma transversal nas sesións prácticas de traballo nos laboratorios de interpretación.
Prácticas de laboratorio	Nun primeiro momento faranse exercicios de análise, memoria, reactivación léxica, reformulación. Seguidamente pasarase á práctica da técnica da tradución á vista. Faranse exercicios de preinterpretación. Tradución á vista de diferentes tipos de texto (non especializado). E, finalmente, realizaranse prácticas individuais de IS a partir do visionado e/ou a escoita de sesións reais de conferencias e discursos. Corrección de exercicios.
Debate	O docente e os alumnos debatirán sobre as dificultades que teñen á hora de facer os exercicios prácticos. O que se tentará procurar é que entre todos podan resolver problemas que vaian xurdindo ao longo do curso.
Estudo de casos	Neste apartado visualizaremos vídeos e textos para tentar resolver dificultades que tería un intérprete á hora de traballar.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	As dúbidas puntuais atenderanse nos horarios de titoría.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Prácticas de laboratorio	Terase en conta só para os estudantes que se acolleren á avaliación continua. Valorarase a participación na resolución de problemas derivados da práctica da IS e da tradución á vista, para alén da entrega dos traballos derivados das interpretacións corrixidas.	15	C1 C2 C6 C9 C13 C17	D4 D7 D13 D23
Práctica de laboratorio	Consistirá nunha proba final de interpretación simultánea de francés a galego. Para cualificar esta proba valoraranse os seguintes elementos: 1. Técnica: capacidade de escoita activa e análise; toma de decisións a respecto da información principal necesaria (estratexia mínima, principio de simplificación); estruturación (ordenar os bloques coherentemente e uso de nexos); resolución de problemas. 2. Contidos: corrección e adecuación dos contidos. 3. Produción: rexistro, fluidez, prosodia, seguridade, ritmo/compás, articulación. 4. Expresión: corrección lingüística e adecuación léxica.	85	C1 C2 C6 C9 C13 C17	D4 D7 D13 D23

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes serán avaliados a través dunha proba consistente na interpretación simultánea dun discurso na combinación FR>GL.

Os criterios de avaliación serán os descritos no apartado anterior.

ALUMNADO DE AVALIACIÓN CONTINUA:

A proba terá lugar na última semana do calendario lectivo.

A porcentaxe da nota do exame é do 85% para os estudantes que se acolleren a este sistema de avaliación.

Será imprescindíbel obter unha puntuación mínima de 5 sobre 10 na proba de interpretación simultánea para aprobar a materia no seu conxunto, ao que se sumará a puntuación acadada nos outros apartados.

ALUMNADO DE AVALIACIÓN ÚNICA:

A proba terá lugar no día indicado no calendario de exames aprobado no decanato.

A porcentaxe da nota do exame é do 100% para os estudantes que se acolleren a este sistema de avaliación.

EXAME DE XULLO

O exame da convocatoria extraordinaria de xullo celebrarase o día marcado no calendario oficial. Empregaranse os mesmos criterios de avaliación que se aplican á proba realizada na convocatoria ordinaria. Non se terá en conta o 15% correspondente á avaliación continua e a cualificación de xullo corresponderá unicamente ao resultado do exame realizado nesta convocatoria.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Collados, A et al., **La evaluación de la calidad en interpretación: docencia y profesión**, Comares, 2003

Collados, Á. y Sabio J.A., **Avances en la Investigación sobre interpretación**, Comares, 2003

Iglesias Fernández, E., **La didáctica de la interpretación de conferencias: Teoría y Práctica**, Comares, 2007

Montero Domínguez, X., **Intérpretes de cine. Análisis del papel mediador en la ficción audiovisual**, Peter Lang, 2019

Bibliografía Complementaria

Bacigalupe, L. A., **Investigación experimental en interpretación de linguas**, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, 2003

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

Interpretación consecutiva idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01619

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés/V01G230V01104

Introdución á teoría da tradución e a interpretación/V01G230V01210

Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación/V01G230V01313

Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego/V01G230V01101

Interpretación de enlace idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01516